



MEMORIA XUSTIFICATIVA

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais.

A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

- Obxecto do contrato:

Constitúe o obxecto do contrato a concesión do servizo de xestión integral da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa que conta cunha capacidade máxima autorizada de 77 prazas máis 4 de enfermería.

- Necesidades a satisfacer:

O Concello de Chandrexa de Queixa ao abeiro do *Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Chandrexa de Queixa para a posta en funcionamento dunha Residencia*, asinado e Santiago de Compostela o 25 de abril de 2014, por importe de 1.650.000'00 euros, rematou a construción dunha residencia para persoas maiores.

O interese do Concello de Chandrexa de Queixa nesta construción é consecuencia de que o concello conta cunha de extensión de 172 Km² e está composto por 34 núcleos de poboación, moi dispersos ó longo do territorio municipal, situado nunha zona de montaña, nun entorno basicamente rural, limitando cos concellos de San Xoán de Río, Pobra de Trives, Manzaneda, Vilariño de Conso, Laza, Montederramo e Castro Caldelas, poboacións que aínda lindeiras, atópanse a distancias considerables dos nosos núcleos de poboación. A esta dispersión xeográfica, únense outros condicionantes como a orografía do noso terreo, a climatoloxía, especialmente complicada no inverno, o envellecemento da poboación ou as condicións familiares, que dificultan ou imposibilitan en numerosos casos o acceso ós poucos recursos existentes na zona contribuíndo a un empeoramento na calidade de vida dos nosos maiores xa non só a nivel físico, senón tamén psicolóxico.

Coa construción da residencia para persoas maiores de Chandrexa de Queixa, que conta cun número de 77 prazas, máis 4 de enfermería, composta de instalacións acomodadas para dar un servizo axeitado ós residentes: cociña, comedor, almacén, lavandería, calefacción, habitacións, aseos-baños, zonas de estar, enfermería,... e no que se poden prestar os servizos necesarios (como centro residencial) ós anciáns, como son: aloxamento, comedor, asistencia por parte de persoal cualificado,..., todo isto ideado coa intención: en primeiro lugar, de facilitar e mellorar a calidade e as condicións de vida da poboación pertencente ó grupo da terceira idade e que en moitos casos sofren unha situación de dependencia, ó deixar de valerse por si mesmos, tras chegar a unha avanzada idade, sufrir algunha enfermidade, padecer discapacidades..., situacións que inevitablemente deterioran o seu nivel de vida e dificultan e imposibilitan a maior parte das veces, que permanezan sen axuda externa nas súas vivendas. En segundo lugar, perséguese contribuír a frear o despoboamento, que o noso territorio ven sufrindo nos últimos anos, derivado da pouca actividade comercial e da inexistente actividade industrial (escaseza de postos de traballo); por falta de aloxamentos residenciais con atención permanente destinados á terceira idade e polo envellecemento progresivo da poboación, situacións, todas elas, que provocan o abandono do municipio (obrigados polas circunstancias), por parte de



novos e maiores, sendo o noso deber o de facilitar a residencia no municipio, realizando todas aquelas actuacións que axuden a fixar poboación, intentado garantir así, a igualdade de tódolos cidadáns, evitando na medida do posible, as discrepancias existentes entre os habitantes do medio urbano e do medio rural, estes últimos, normalmente discriminados ante os primeiros.

Deste modo, coa xestión da residencia para persoas maiores do Concello de Chandrexa de Queixa, preténdese contribuír á mellora da vida dos nosos anciáns, xa que en moitos dos casos, nos que se facía preciso o ingreso de persoas maiores nalgunha residencia de terceira idade (pola súa situación familiar e/ou persoal) e contando coa colaboración do departamento de servizos sociais deste Concello, foi imposible mentalizar ó interesado, para que abandonase o seu entorno (o seu concello ou en último caso, a súa comarca), amparándose no seu arraigo á terra e na negativa a abandonar a aquela xente a que coñece dende sempre, atopando unha tremenda desaprobación a "iniciar" unha nova vida noutro lugar descoñecido e no que nun principio, non existiría afinidade con ningún residente, dándose tamén o caso, en que en máis dunha ocasión, e tras conseguir o consentimento do interesado para o ingreso nunha residencia de terceira idade (tras distintas indagacións e moitos problemas, derivados da escaseza, na comarca, de prazas suficientes para albergar a persoas maiores), a persoa en cuestión, en poucos días, abandonaba as instalacións por vontade propia e regresaba á súa vivenda, aínda que contase con menos comodidades e carecese da atención de terceiros, polo que tornouse unha demanda social ineludible, a construción dunha Residencia da terceira idade, neste municipio, coa intención de dar cabida, ó maior número posible de anciáns (dentro das nosas limitacións), evitando desterralos do seu entorno, o que evidentemente facilitará o procedemento de adaptación, ó non ser o cambio, algo brusco e inasumible para eles.

Ademais faise preciso ter en conta que a data de hoxe, unha gran parte da poboación deste municipio, corresponde a persoas que xa están ou se aproximan, a chamada terceira idade, tendo máis dun 40% de habitantes, que superan a fronteira dos 65 anos.

As citadas instalacións xerarán na cidadanía cambios moi positivos: satisfacción dunha demanda veciñal, cubrindo necesidades básicas e vitais de todos aqueles veciños que o precisan, creando, asemade, postos de traballo, favorecendo o desenvolvemento sostible do medio rural, garantindo a igualdade de tódolos veciños no exercicio dos seus dereitos constitucionais, mellorando a situación socioeconómica e a calidade de vida da poboación do termo municipal.

- **Valor estimado do contrato e elección do procedemento:**

Conforme o artigo 101.b) da LCSP o valor estimado dos contratos de concesión de servizos será determinado polo importe neto da cifra de negocios, sen incluír o IVE, que segundo as estimacións xerará a empresa concesionaria durante a execución do contrato.

A este respecto, de acordo co estudo de viabilidade económica elaborado ao efecto, a cifra de negocios para o primeiro exercicio estímase nun importe de 1.234.800,00 € que multiplicado polo número de anos de duración do contrato (5 anos) da como resultado un valor estimado que ascende a 6.174.000,00 €.

En base ao importe do valor estimado do contrato conforme os artigos 19, 20 e 156 da LCSP o procedemento de licitación será o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria cunha pluralidade de criterios de adxudicación.

Neste senso, os criterios de adxudicación procurarán obter unha mellor relación calidade - prezo de conformidade co previsto no artigo 145.1 da LCSP. Os criterios de adxudicación elixidos perseguirán mellorar as condicións económicas e a calidade da prestación do obxecto do contrato. A ponderación da puntuación dos criterios trata de garantir que as ofertas sexan valoradas con obxectividade e transparencia. Neste senso,



os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor terán unha puntuación inferior aos que se valoran mediante fórmulas matemáticas.

- **Insuficiencia de medios:**

Contempladas as diferentes formas de xestión de servizos públicos, considérase como máis axeitada para xestionar a residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa a concesión de servizos, atendendo a que a xestión deste equipamento require duns servizos e atencións a realizar por persoal específico e cunha formación e cualificación, dos que o Concello carece, tanto a nivel de medios persoais como técnicos, tendo presente, ademais, ás restricións normativas existentes na actualidade en materia de contratación de persoal por parte das Administracións Públicas.

Esta forma de xestión permitirá contar cos necesarios medios técnicos e profesionais especializados, así como ter un maior coñecemento do sector, derivado da experiencia e maior adecuación e especialización ao tipo de prestación que se pretende levar a cabo, o que presumiblemente redundará nunha maior eficiencia na xestión do servizo.

Non obstante, isto non suporá un impedimento para que o Concello desenvolva unha axeitada labor de deseño, seguimento e inspección do modelo de atención que se dispense, coa finalidade de garantir unha forma de xestión que asegure uns estándares de calidade homoxéneos independentemente de quen os xestione.

- **Criterios de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional:**

De acordo co establecido no artigo 87.3.a) da LCSP a acreditación da solvencia económica e financeira realizarase mediante o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e conta anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

En canto a solvencia técnica ou profesional o artigo 91 da LCSP remite aos criterios previstos no artigo anterior, deste modo óptase pola relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

- **Non procedencia da división en lotes do contrato:**

O servizo de residencia de persoas maiores que quere prestar o Concello de Chandrexa de Queixa, constitúe un equipamento de carácter social que ofrece aloxamento, convivencia e atención integral continuada ás persoas maiores, cuxo fraccionamento en lotes provocaría a imposibilidade de prestar de forma coordinada o



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

servizo asistencial que se pretende, e o encarecemento da prestación do servizo que faría practicamente inviable a posibilidade da súa prestación por parte deste Concello, todo iso amparado na eficiencia na xestión dos recursos desta Entidade Local, sometidos aos principios de estabilidade e equilibrio orzamentarios.

A prestación de forma independente dos servizos que inclúe o servizo, supoñería un encarecemento do prezo para os usuarios en comparación co aforro de custos que se deriva dunha prestación integral por un só contratista.

A iso debe engadirse que debido á natureza do obxecto do servizo que se pretende prestar, leste leva aparelado a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións para un correcto funcionamento do mesmo.

Polo exposto, conclúese que non procede a división en lotes polas características do contrato.

Chandrexa de Queixa, 5 de novembro de 2018.

O alcalde

Francisco Rodríguez Rodríguez

